



XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

Xogade

DÚATLON



O programa **XOGADE** está organizado pola **Secretaría Xeral para o Deporte** en colaboración coas agrupacións deportivas escolares e federacións galegas.

INSCRIPCIÓN

A inscrición no programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos) en Idade Escolar formalizarase a través aplicación web <https://inscripcion-xogade.xunta.gal>

Farana os clubs, asociacións, centros de ensino, escolas deportivas municipais etc. aos que pertencen os deportistas.

A data límite para a creación de equipos nesa aplicación será o 28 de febreiro de 2021.

A partir desa data e ata o comezo da competición haberá que contactar co servizo provincial de deportes para que este valore se hai posibilidade de incorporar máis equipos.

CATEGORÍAS

Benxamín feminina e masculina: persoas nadas nos anos 2015 e 2014.

Alevín feminina e masculina: persoas nadas nos anos 2013 e 2012.

Infantil feminina e masculina: persoas nadas nos anos 2011 e 2010.

Cadete feminina e masculina: persoas nadas nos anos 2009 e 2008.

Aínda que a categoría cadete está enmarcada no programa de Tecnificación da Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno poderase organizar actividade desta categoría segundo as posibilidades organizativas de cada Servizo Provincial.

ORGANIZACIÓN

A Secretaría Xeral para o Deporte organizará, a través dos servizos de deporte de cada provincia, a actividade deportiva escolar na especialidade de Dúatlon en función do número de inscritos, podendo desenvolverse de diferente maneira en cada provincia en función dos criterios e necesidades de cada servizo.

Para a organización desta actividade poderase contar coa colaboración das agrupacións deportivas de zona, clubs, concellos ou calquera outra entidade pública ou privada que dende a Secretaría Xeral e os servizos provinciais se estime conveniente.

SISTEMA DE COMPETICIÓN

A competición será individual na fase zonal e individual e por equipos na fase provincial.

Os equipos estarán compostos por un máximo de seis persoas e puntuarán as 3 mellores clasificacións.

Fase zonal

Realizaranse un máximo de 2 xornadas por provincia. As dúas probas serán clasificatorias para o Campionato Provincial. Clasificarán os 25 mellores tempos de cada categoría, de forma individual. Non haberá clasificación por equipos.

Campionato provincial

Participarán as persoas clasificadas individualmente nas fases previas e, de ter o número necesario de deportistas, poderán formar equipos para entrar na clasificación por equipos.

A Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno organiza un campionato galego e será quen determine a clasificación para o mesmo.

DISTANCIAS A PERCORRER

Categoría	Carreira a pé	Bicicleta	Carreira a pé
Benxamín	400 m.	De 1 a 2 km.	200 m.
Alevín	800 m.	De 3 a 4 km.	400 m.
Infantil	1.200 m.	De 5 a 6 km.	600 m.
Cadete	1.600 m.	De 6 a 8 km.	800 m.

REGRAS DE COMPETICIÓN

Esta modalidade combina a bicicleta coa carreira a pé.

Ciclismo

Será obrigatorio o uso correcto do casco, que non se poderá utilizar no sector da carreira a pé.

Permitiranse minifreos para as categorías benxamín e alevín.

Permitirase bicicleta de montaña.

Os guiadores deberán estar tapados e a bicicleta non poderá levar acoples ou outros dispositivos que poidan causar perigo.



O programa **XOGADE** está organizado pola **Secretaría Xeral para o Deporte** en colaboración coas agrupacións deportivas escolares e federacións galegas.

SEGURO

Toda a documentación referente á cobertura do seguro está dispoñible na páxina www.xogade.xunta.gal e <https://inscripcion-xogade.xunta.gal>

Nesta páxina o acceso ao protocolo de actuación e á póliza do seguro é aberto.

Lembren que todo o corpo técnico, deportistas e familiares deben coñecer o protocolo de actuación do seguro de accidente deportivo.

OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola organización do evento en coordinación co Servizo Provincial correspondente.